

# **Informe da necesidade e idoneidade do contrato e insuficiencia de medios**

## **Subministración de Licenzas de Despregue e Servizo de Uso de Software Antiplaxio**

CPV 48000000

Paquetes de software e sistemas de información

Xuño, 2023

**ÍNDICE**

|          |   |          |
|----------|---|----------|
| <b>1</b> | <b>Órgano de contratación</b>   | <b>1</b> |
| <b>2</b> | <b>Expediente e características</b>   | <b>1</b> |
| <b>3</b> | <b>Consideracións Legais</b>  | <b>1</b> |
| <b>4</b> | <b>Características da Licitación</b>  | <b>1</b> |
| 4.1      | Necesidade e idoneidade do contrato   | 1        |
| 4.1.1    | Necesidades a satisfacer coa licitación proposta .....  | 1        |
| 4.1.2    | Idoneidade do obxecto da licitación para satisfacer a necesidade .....  | 2        |
| 4.2      | Insuficiencia de medios   | 3        |
| 4.3      | Réxime económico  | 3        |
| 4.3.1    | Presuposto base de licitación .....   | 3        |
| 4.3.2    | Valor estimado do contrato .....  | 4        |
| 4.3.3    | Expediente de tramitación anticipada .....  | 6        |
| 4.3.4    | Distribucións anuais .....  | 6        |
| 4.3.5    | Prezo .....   | 6        |
| 4.4      | Duración do Contrato  | 6        |
| 4.5      | Esixencia de garantía provisional   | 6        |
| 4.6      | Procedementos de adjudicación   | 7        |
| 4.7      | Clasificación e solvencia económica e financeira, técnica ou profesional  | 7        |
| 4.7.1    | Solvencia económica e financeira .....  | 7        |
| 4.7.2    | Solvencia técnica ou profesional .....  | 7        |
| 4.8      | Criterios de adjudicación   | 7        |
| 4.8.1    | Criterios de adjudicación.....  | 7        |
| 4.8.2    | Requisitos esixibles e excluíntes .....   | 8        |
| 4.8.3    | Valoración global.....  | 8        |
| 4.8.4    | Valoración criterios mediante xuízo de valor e criterios obxectivos .....   | 8        |
| 4.8.5    | Valoración criterios mediante fórmula (Oferta Económica) .....  | 11       |
| 4.8.6    | Criterios de desempate .....  | 16       |
| 4.8.7    | Xustificación da idoneidade dos criterios.....  | 16       |
| 4.9      | Condicións especiais de execución de carácter social, ético, ambiental ou de outro orde   | 17       |
| 4.9.1    | Terán a consideración de condicións especiais de execución do presente contrato, nos términos do artigo 202 LCSP, as seguintes:.....                          | 17       |
| 4.9.2    | Estas condicións especiais de execución, terán o carácter de obrigacións contractuais esenciais aos efectos sinalados no artigo 211.1.f) LCSP .....           | 18       |
| 4.9.3    | Estas condicións especiais de execución que forman parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen na súa execución ... | 18       |
| 4.10     | Modificacións previstas   | 18       |
| 4.11     | Réxime de penalidades   | 18       |
| 4.12     | Condicións contractuais de carácter esencial  | 19       |

## 1 Órgano de contratación

O presidente do Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións para a Xestión Universitaria (en adiante Consorcio CIXUG) de conformidade co disposto no artigo 22 dos seus estatutos.

## 2 Expediente e características

| Expediente                                | CX-23-03        |
|---|-----------------|
| Cualificación do contrato                 | Subministración |
| Procedemento de adxudicación              | Aberto          |
| Contrato suxeito a regulación harmonizada | Non             |
| Financiado con Fondos Europeos            | Non             |

## 3 Consideracións Legais

Resulta de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, así como as disposicións que a desenvolven. Son de aplicación con carácter supletorio as demais normas de dereito administrativo e, no seu caso, as normas de dereito privado. Non obstante o anterior, o concreto réxime xurídico aplicable será obxecto de concreción no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Este informe emítese co obxecto de xustificar a necesidade e idoneidade da contratación á que se fixo referencia con anterioridade, así como a insuficiencia de medios, todo iso ao amparo do disposto nos artigos 28 e 116 da LCSP.

## 4 Características da Licitación

### 4.1 Necesidade e idoneidade do contrato

#### 4.1.1 Necesidades a satisfacer coa licitación proposta

As Universidades do SUG buscan garantir a autenticidade e orixinalidade de todos os traballos, documentos e prácticas presentadas polo alumnado e persoal docente e de investigación no exercicio da actividade académica e de investigación. Para lograr este obxectivo, o Consorcio CIXUG e as Universidades do SUG, requiren contratar unha empresa que nos permita contar cunha aplicación na Web, baixo a figura de SaaS (Software as a Service) e que faga dispoñible, a toda a comunidade universitaria, dunha ferramenta de verificación de similitudes e de control de plaxio.

No en tanto, admitiríase calquera outra solución equivalente que sexa capaz de manter todas as funcionalidades achegadas pola actual aplicación Turnitin e que se encontran descritas nos pregos. En consecuencia, o licitador que resultase gañador deberá migrar todos os documentos actualmente analizados e existentes na plataforma Turnitin, á nova plataforma. Dita migración terá que manter a integridade e valoración realizada pola aplicación Turnitin, sendo completamente transparente para os usuarios o acceso a todos os documentos subidos até a data de vencemento do actual contrato, e á revisión das valoracións históricas, feitas pola actual aplicación, na nova plataforma proposta polo licitador. A conectividade de forma transparente coas plataformas LMS, especialmente Moodle, debe ser capaz de substituír os documentos subidos desde Moodle a Turnitin polos migrados pola nova aplicación e manter toda a información histórica en cada un dos documentos, exercicios e clases creadas polo profesorado.

As condicións indicadas anteriormente son de obrigatorio cumprimento para poder aceptar calquera outra solución diferente a actual solución Turnitin.

O servizo contratado debe incluír a posibilidade de revisar a orixinalidade de cada un dos traballos subido á plataforma, así como a posibilidade de avaliar ou realizar a retroalimentación directamente ao alumnado a través dalgunha ferramenta específica. Adicionalmente, debe ofrecer a posibilidade de visualizar os metadatos do documento, así como a análise lingüística forense a través dalgunha ferramenta específica. De forma transversal, debe ofrecer a detección de contido xerado a través de ferramentas de IA (Intelixencia Artificial) para todos os documentos. Inicialmente, polo menos para documentos subidos en idioma inglés.

A contratación desta subministración debe estar dispoñible durante o segundo semestre do presente ano que é cando expira o actual contrato.

#### 4.1.2 Idoneidade do obxecto da licitación para satisfacer a necesidade

Co obxecto de garantir a orixinalidade dos Traballos de Fin de Carreira, Fin de Grao, Fin de Mestrado e Teses Doutorais a Facultade de Industriais da Universidade de Vigo, iniciou no ano 2014 a contratación do servizo de revisión de plaxio coa empresa Turnitin.

Durante o ano 2016, a partir da inquietude xeneralizada de poder valorar a orixinalidade dos documentos entregados polo alumnado das tres Universidades Galegas, o Consorcio CIXUG e as Universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela que conforman o Sistema Universitario de Galicia en diante "CIXUG e as Universidades do SUG", de maneira integrada, inician o proceso de licitación e posterior contratación dunha aplicación que permite realizar a revisión de orixinalidade, similitudes e correspondente identificación de plaxio, resultando adxudicataria a empresa Turnitin. Concrétase a firma do contrato durante o ano 2017 cunha duración de tres anos.

Durante o ano 2020, contratouse, este mesmo servizo, por tres anos máis á

mesma empresa Turnitin, vencendo o contrato durante o segundo semestre do presente ano 2023. Durante este último período de contratación, o número de estudantes, profesores e traballos subidos incrementouse de xeito exponencial facendo o uso da ferramenta unha necesidade diaria para moitas actividades académicas e de investigación.

O CIXUG e as Universidades do SUG, son conscientes da importancia de seguir incentivando o uso de ferramentas de revisión de orixinalidade ao longo do ciclo académico do alumnado, cunha especial énfase nas entregas asociadas ao TFG (Traballos de Fin de Grao), TFM (Traballos de Fin de Mestrado), Teses Doutorais e traballos de investigación. Adicionalmente, e buscando afondar na detección de plaxio a niveis máis temperáns do ciclo académico, estase a utilizar esta ferramenta integrándoa con outras máis asociadas á docencia en plataformas LMS (Learning Management System) como é a plataforma de formación Moodle. De feito, na Universidade de Vigo máis de 200 materias xa contan con integración entre Moodle e Turnitin, permitindo o análise das similitudes dos traballos subidos polo alumnado de xeito automático e sendo unha funcionalidade máis utilizada polo profesorado para valorar os traballos subidos á plataforma LMS. A base de datos de traballos subidos tamén creceu de xeito exponencial permitindo á comunidade académica e de investigación confrontar os documentos subidos, non só con documentos subidos por outras institucións que se encontran na base de datos de Turnitin a través de abundantes fontes externas, senón, tamén cos traballos subidos pola mesma comunidade do SUG.

Non en tanto, admitiríase calquera outra solución equivalente que sexa capaz de manter todas as funcionalidades achegadas por Turnitin, a conectividade de forma transparente coas plataformas LMS, especialmente coa plataforma de formación Moodle, incorporando todo o histórico de traballos subidos a estas plataformas para que a comunidade académica poida seguir atopando as mesmas valoracións de similitudes que lle ofreceu Turnitin até agora.

## 4.2 Insuficiencia de medios

Nin o CIXUG, nin as Universidades do SUG, dispoñen dos medios necesarios nin do persoal coa especialización requirida para cubrir os servizos requiridos coas garantías necesarias.

Faltan, ademais, as ferramentas de traballo propias para desenvolver estes servizos asociados ao subministro obxecto de contratación. Aos efectos de idoneidade do obxecto e contido do contrato, as necesidades que se pretenden cubrir son as que se indican expresamente no presente documento e no Prego de Prescricións Técnicas.

## 4.3 Réxime económico

### 4.3.1 Presuposto base de licitación

| Importe de licitación | Tipo IVE aplicable: 21% | Presuposto base de licitación |
|-----------------------|-------------------------|-------------------------------|
| IVE excluído          | Importe IVE             | IVE incluído                  |
| <b>123.467,66 €</b>   | <b>25.928,21 €</b>      | <b>149.395,87 €</b>           |

**4.3.2 Valor estimado do contrato**


| VALOR ESTIMADO DO CONTRATO  |                     |
|---|---------------------|
| Importe de licitación (IVE excluído)                                    | <b>123.467,66 €</b> |
| Incremento de unidades de execución                                     | <b>Non aplica</b>   |
| Importe das modificacións previstas (IVE excluído).                     | Non aplica          |
| Importe dos premios ou primas pagadoiros aos licitadores (IVE excluído) | Non aplica          |
| Importe das opcións eventuais (IVE excluído)                            | Non aplica          |
| Prórroga (IVE excluído)   | Non aplica          |
| <b>Total Valor Estimado</b>   | <b>123.467,66 €</b> |

Para o cálculo do prezo estimado revisáronse máis de 10 licitacións similares realizadas por universidades españolas, ao longo dos anos 2022, principalmente e algunhas do 2023.

A partir da fonte de datos fixéronse dúas curvas de distribución que pode encontrarse no gráfico anexo.

A distribución identificada en cor azul indica a consideración de todos os costes unitarios das licitacións identificadas na plataforma de contratación do Estado. Nesta curva encóntranse identificadas como valores a media, de todas as mostras, os 2,82 € x licenza e unha distribución estándar (DE) de 1,37 € x licenza. O valor tan alto da DE indica alta dispersión e reduce a importancia do valor da media.

A distribución identificada en cor verde retira, das mostras, as que se atopan nos extremos identificados en cor vermella no gráfico. O filtro aplicado permite o desprazamento da media na gráfica identificada en cor verde, a un valor de 2,43 € x licenza x ano e unha redución importante da DE a 0,37 € x licenza x ano



permitindo unha maior relevancia ao valor calculado como media. Ao analizar ambas as curvas o peor escenario é o de contar cunha media de 2,84 € x licenza x ano. Dado que boa parte das licitacións analizadas foron acordadas durante o ano 2022, débese incorporar un axuste por inflación do 5% levando o número a 2,98 € axustados a valor 2023. A incorporación das novas funcionalidades indicadas no apartado 4.1.1 (Necesidades a satisfacer coa licitación proposta) implicaría un incremento de aproximadamente un 25% sobre o prezo unitario calculado anteriormente. Por todo o anterior, considérase como unha boa estimación, para os cálculos internos, un custo de 3,73 € x licenza x ano.

O número de licenzas utilizadas para o cálculo con estimacións do 2023 serán:

| Universidade           | Licenzas | Estimación  |
|------------------------|----------|-------------|
| De la SUG              | TAE      | Base 2023   |
| A Coruña               | 3.000    | 11.190,00 € |
| Santiago de Compostela | 3.000    | 11.190,00 € |
| Vigo                   | 4.000    | 14.920,00 € |

| Universidade | Licenzas      | Estimación         |
|--------------|---------------|--------------------|
| <b>Total</b> | <b>10.000</b> | <b>37.300,00 €</b> |

Pola xustificación e argumentación anterior, o prezo do presente contrato fixouse a tanto alzado, partindo de proxeccións de prezos de mercado para as licenzas de software que se pretenden contratar, e comprende a totalidade dos gastos aos que terá que facer fronte o adxudicatario tanto para atender á subministración en si mesmo, como para a súa instalación no caso de licenzas en rede, así como para o aseguramento dos traballos de soporte, incluída a parte correspondente a beneficios e gastos xerais. Polo tanto, o sistema de determinación do prezo, a efectos do seu abono polo contratista, é de tanto alzado, de conformidade co disposto no artigo 309 da LCSP.

#### 4.3.3 Expediente de tramitación anticipada

Condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos do Consorcio CIXUG para os anos 2023, 2024 e 2025.

#### 4.3.4 Distribucións anuais

| Distribución de Anualidades |                     |
|-----------------------------|---------------------|
| <b>Anualidade 2023</b>      | <b>39.165,00 €</b>  |
| <b>Anualidade 2024</b>      | <b>41.123,25 €</b>  |
| <b>Anualidade 2025</b>      | <b>43.179,41 €</b>  |
| <b>Total Valor Estimado</b> | <b>123.467,66 €</b> |

#### 4.3.5 Prezo

Tivéronse en conta adxudicacións similares doutros Organismos Públicos e cotizacións de empresas do sector público para o servizo solicitado.

#### 4.4 Duración do Contrato

Tres anos, a contar desde a data de formalización do contrato.

#### 4.5 Esixencia de garantía provisional

Non se esixe.



#### 4.6 Procedementos de adxudicación

Tramitación ordinaria.

A adxudicación deste procedemento realizarase mediante procedemento aberto de conformidade co previsto nos artigos 131, 156 e 158 da LCSP. Todo iso co obxecto de garantir a publicidade, concorrencia, igualdade e transparencia.

#### 4.7 Clasificación e solvencia económica e financeira, técnica ou profesional

##### 4.7.1 Solvencia económica e financeira

###### 4.7.1.1 Solvencia esixida

Considerarase solvente o licitador que declare que o ano de maior volume anual de negocios, dos 3 últimos anos pechados, é igual ou superior ao orzamento base de licitación multiplicado por 1,5.

###### 4.7.1.2 Xustificación do criterio establecido

Garantir a adxudicación do contrato a unha empresa solvente, con recursos suficientes e capacidade económica e financeira para executar o contrato até a súa finalización.

##### 4.7.2 Solvencia técnica ou profesional

###### 4.7.2.1 Solvencia esixida

A solvencia técnica acreditarase mediante a achega dun mínimo de 5 contratos, iguais ou similares, que se formalizaron con outras universidades e/ou centros de ensino superior dentro da Unión Europea, nos últimos tres anos. Isto xustifícase na necesidade de comprobar a funcionalidade e operatividade da plataforma no mundo universitario.

###### 4.7.2.2 Xustificación do criterio establecido

Garantir que os licitadores contén coa experiencia suficiente en canto á capacidade técnica e volume de traballo nas prestacións obxecto do contrato e nos termos que establece o Consorcio CIXUG no prego de prescricións técnicas.

#### 4.8 Criterios de adxudicación

##### 4.8.1 Criterios de adxudicación

De acordo co estipulado no artigo 145 da LCSP, teranse en consideración os seguintes criterios de avaliación para determinar a oferta coa mellor relación calidade-prezo, tal como establécese nos pregos:

| Índice       | Criterio       | Valorable mediante fórmula | Puntuación |
|--------------|----------------|----------------------------|------------|
| 1            | Xuízo de Valor | Non                        | 40         |
| 2            | Prezo          | Si                         | 60         |
| <b>Total</b> |                |                            | 100        |

#### 4.8.2 Requisitos esixibles e excluíntes

Todas as características esixidas e identificadas como requisitos (**Imp**) no prego de prescricións técnicas, teñen carácter **obligatorio**. No caso de que algún requisito (**Imp**) non sexa alcanzado pola empresa participante, esta quedará automaticamente excluída da fase de valoración (Excluínste).

#### 4.8.3 Valoración global

A valoración global das propostas dos licitadores obterase como a suma ponderada das puntuacións dos criterios avaliábles mediante un xuízo de valor e criterios obxectivos definidos no prego técnico (Valoración da Plataforma e o Servizo), e valoración da oferta económica, mediante fórmula matemática. A ponderación proposta é a seguinte:

- Valoración criterios mediante xuízo de valor e criterios obxectivos (Valoración da Plataforma e o Servizo): 40% da valoración. Entre 0 e 40 puntos globais.
- Valoración criterios mediante fórmula (Oferta económica): 60% da valoración. Entre 0 e 60 puntos globais.

A valoración de criterios mediante xuízo de valor e criterios obxectivos obterase como a suma aritmética das valoracións das características técnicas descritas no prego técnico, segundo se detalla na táboa seguinte.

#### 4.8.4 Valoración criterios mediante xuízo de valor e criterios obxectivos

Ata un máximo de 40 puntos: imprescindibles 1 punto e 39 puntos para valorar os elementos desexables:

| Epígrafe | Descrición Requisito              | Cumprimento Mínimo | Valoración Máxima |
|----------|-----------------------------------|--------------------|-------------------|
| <b>5</b> | <b>Funcionalidades Requeridas</b> |                    | 39,00             |
| 5.1      | Requisitos Xerais                 |                    |                   |
| 5.1.1    | Multiplataforma                   | Imprescindible     |                   |
| 5.1.2    | Conectividade Web                 | Imprescindible     |                   |

| Epígrafe | Descrición Requisito  | Cumprimento Mínimo | Valoración Máxima |
|----------|---|--------------------|-------------------|
| 5.1.3    | Cientes   | Imprescindible     |                   |
| 5.1.4    | Manual de Usuario   |                    |                   |
|          | Manual de Administración en Castelán  | Imprescindible     |                   |
|          | Manual de usuario en Castelán   | Imprescindible     |                   |
|          | Manuais de instalación API  | Desexable          | 0,50              |
|          | Manuais de instalación Servicos Web   | Desexable          | 0,50              |
|          | Manuais de Int. con outros LMS  | Desexable          | 1,00              |
|          | Manuais en Gallego  | Desexable          | 0,50              |
| 5.1.5    | Interface multi-idioma  |                    |                   |
|          | Interface en Castelán e Inglés  | Imprescindible     |                   |
|          | Interface en Galego   | Desexable          | 0,50              |
| 5.1.6    | Materiais para la formación   |                    |                   |
|          | Fuentes alternas de formación   | Desexable          | 1,00              |
| 5.1.7    | Aplicacións para a Mobilidade   |                    |                   |
|          | Uso de dispositivos móbiles   | Desexable          | 1,00              |
| 5.2      | Cumprimento normativo   |                    |                   |
| 5.2.1    | Protección de datos de carácter persoal   | Imprescindible     |                   |
| 5.2.2    | Propiedade Intelectual  | Imprescindible     |                   |
| 5.2.3    | Seguridade  | Imprescindible     |                   |
| 5.3      | Requisitos Asociados a la integración   |                    |                   |
| 5.3.1    | Int. Moodle   | Imprescindible     |                   |
| 5.3.2    | Int. plataformas de autenticación   | Imprescindible     |                   |
| 5.3.3    | Int. plataforma de Xestión Académica do Consorcio   | Imprescindible     |                   |
| 5.3.4    | Int. con outras plataformas (LMS) (0,5 x plataforma)  | Desexable          | 1,50              |
| 5.4      | Requisitos Asociados a la Administración de usuarios  |                    |                   |
| 5.4.1    | Xestión de usuarios   | Imprescindible     |                   |
| 5.4.2    | Xestión de usuarios distribuída   | Imprescindible     |                   |
| 5.4.3    | Reportes y xestión de usuarios  | Desexable          | 1,00              |
| 5.5      | Requisitos Asociados aos Contidos   |                    |                   |
| 5.5.1    | Avaliación multi-idioma   |                    |                   |
|          | Aceptar documentos orixinalmente escritos nos seguintes idiomas: galego, castelán, inglés, portugués, italiano, francés y alemán. | Imprescindible     |                   |
|          | Aceptar documentos orixinalmente escritos en outros idiomas. (0,25 x idioma aceptado)   | Desexable          | 1,00              |
| 5.5.2    | Avaliación con fontes en outro idioma   |                    |                   |
|          | Confrontación Castelán a Inglés   | Imprescindible     |                   |
|          | Confrontación Gallego a Inglés  | Desexable          | 0,50              |
| 5.5.3    | Xestión de Contidos Propios   |                    |                   |

| Epígrafe | Descrición Requisito   | Cumprimento Mínimo | Valoración Máxima |
|----------|--|--------------------|-------------------|
|          | Contidos subidos por CIXUG e/ou polas Universidades do SUG   | Imprescindible     |                   |
|          | Actividade de borrado con Súper administrador con reportes de documentos borrados para funcións de seguimento e auditoría.         | Desexable          | 3,50              |
| 5.5.4    | Proceso de Incorporación de Contidos   |                    |                   |
|          | Multiformatos detallados en PPT (5.5.4.1)  | Imprescindible     |                   |
|          | Tamaño de arquivos de, polo menos, 40 MBytes e/ou 400 folios   | Imprescindible     |                   |
|          | Soportar outros formatos. (0,25 por cada formato soportado en adición)   | Desexable          | 1,00              |
|          | Conectividade con servizos na Nube para subir documentos. (0,5 x Servizo)  | Desexable          | 1,00              |
|          | Tamaño de arquivos superiores a 40 MBytes (0,05 x cada MBytes adicional admitido)  | Desexable          | 3,00              |
|          | Tamaño de arquivos superiores a 400 folios. (0,1 x cada 20 folios adicionais)  | Desexable          | 0,50              |
| 5.5.5    | Informe  | Imprescindible     |                   |
| 5.6      | Requisitos Asociados a la Detección del Plagio   |                    |                   |
| 5.6.1    | Fuentes Externas   |                    |                   |
|          | Polo menos 20 fontes bibliográficas Españolas e 20 fontes bibliográficas internacionais.   | Imprescindible     |                   |
|          | Más de 20 fontes bibliográficas Españolas. (0,05 x cada fonte adicional)   | Desexable          | 3,00              |
|          | Más de 20 fontes bibliográficas Internacionais (0,20 x cada fonte adicional)   | Desexable          | 8,00              |
| 5.6.2    | Fontes Internas á Organización   | Imprescindible     |                   |
| 5.6.3    | Fontes Internas á Plataforma   | Imprescindible     |                   |
| 5.6.4    | Resultado del Proceso  | Imprescindible     |                   |
| <b>6</b> | <b>Servizos Requeridos</b>   |                    | 5,00              |
| 6.1      | Dereitos de Uso  | Imprescindible     |                   |
| 6.2      | Licenciamiento   |                    |                   |
|          | Plataforma admite, polo menos, 10.000 estudantes   | Imprescindible     |                   |
|          | Sen limitación de consultas nin documentos subidos   | Imprescindible     |                   |
|          | O provedor aporta sobre as 10.000 licenzas unha cantidade de licencias adicionais sen coste. (0,10 x cada 100 licenzas adicionais) | Desexable          | 2,00              |
| 6.3      | Mantemento   |                    |                   |
| 6.3.1    | Mantemento evolutivo   | Imprescindible     |                   |
| 6.3.2    | Mantemento adaptativo  | Imprescindible     |                   |
| 6.4      | Soporte técnico  | Imprescindible     |                   |
| 6.5      | Inicio da prestación do servizo  |                    |                   |
| 6.5.1    | Migración de datos actuais   | Imprescindible     |                   |
| 6.5.2    | Formación usuarios actuais   | Imprescindible     |                   |

| Epígrafe                | Descrición Requisito   | Cumprimento Mínimo | Valoración Máxima |
|-------------------------|--|--------------------|-------------------|
| 6.5.3                   | Planificación  | Imprescindible     |                   |
| 6.5.4                   | Formación  |                    |                   |
|                         | Formación presencial ou virtual (Online)   | Desexable          | 2,00              |
| 6.6                     | Xestión do servizo   |                    |                   |
| 6.6.1                   | Seguimento   | Imprescindible     |                   |
| 6.6.2                   | Roadmap  |                    |                   |
|                         | Plans de incorporación de novas funcionalidades.   | Desexable          | 1,00              |
| 6.6.3                   | Fin do servizo / Plan de saída   | Imprescindible     |                   |
| <b>7</b>                | <b>Niveles de Servizo</b>  |                    | -                 |
| 7.1                     | Mantemento e Soporte   | Imprescindible     |                   |
| 7.2                     | Dispoñibilidade  | Imprescindible     |                   |
| 7.3                     | Rendemento   | Imprescindible     |                   |
| <b>8</b>                | <b>Intelixencia artificial e Análise de Orixinalidade</b>  |                    | 5,00              |
| 8.1                     | Detector de contido baseado en Intelixencia Artificial, polo menos en idioma inglés                | Imprescindible     |                   |
| 8.2                     | Posibilidade de incorporar notas tipo "Feedback" ao documento revisado pola aplicación antiplagio. | Imprescindible     |                   |
| 8.3                     | Posibilidade de revisar os metadatos do documento analizado  | Desexable          | 1,00              |
| 8.4                     | Posibilidade de realizar análise lingüística forense do documento analizado                        | Desexable          | 2,00              |
| 8.5                     | Revisión de contidos en idiomas diferentes ao inglés (2 puntos por castelán)                       | Desexable          | 2,00              |
| <b>Valoración Total</b> |  |                    | <b>39,00</b>      |

#### 4.8.5 Valoración criterios mediante fórmula (Oferta Económica)

##### 4.8.5.1 Criterio de valoración proposto

A xustificación do criterio de avaliación seleccionado é a seguinte:

Ata un máximo de 100 puntos:

$$P_v = \left[ 1 - \left( \frac{O_v - O_m}{IL} \right) \times \frac{1}{M} \right] \times P$$

.. onde:

- $P_v$  = Puntuación oferta valorada
- $O_v$  = Oferta a valorar (en euros)
- $O_m$  = Mellor oferta (en euros)
- $IL$  = Importe da licitación
- $M$  = Factor de Modulación
- $P$  = Puntuación máxima

O Factor de Modulación para esta licitación será de 1 (Un).

#### 4.8.5.2 Xustificación do criterio de adxudicación

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a criterios directamente vinculados co obxecto, as características e a natureza do contrato, de conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, os cales permiten, no seu conxunto, avaliar de forma obxectiva a relación calidade/prezo e o rendemento de cada oferta.

Combínanse criterios automáticos, coa súa fórmula matemática, con criterios non obxectivos.

Valorarase a oferta económica, recibindo a puntuación máis alta a oferta económica máis baixa. O valor da baixa económica representa un 60 por 100 da valoración total da oferta, resultando así o aspecto coa ponderación máis alta entre os considerados.

Con independencia da oferta económica, tamén se establecen outra serie de criterios para valorar que as ofertas técnicas dos licitadores teñen en conta as singularidades e circunstancias propias da actuación obxecto do contrato.

Tamén se valoran positivamente aquelas ofertas que propoñan realizar unha serie de melloras, relacionadas directamente co obxecto do contrato e delimitadas nos pregos, por considerar que son aspectos que redundan na calidade do servizo.

#### 4.8.5.3 Valoración da fórmula


A **oferta de menor valor** (OMV), sempre e cando non se atopen afectadas polos criterios de “Ofertas anormalmente baixas” indicadas no PCAP, recibirá a maior puntuación: 100 puntos. O resto das ofertas recibirán un valor que dependerá do prezo da oferta identificada como OMV e que distribuirá a puntuación de forma proporcional.

Para valorar a fórmula, e para un mellor entendemento do comportamento dos resultados, asúmese que a licitación é por 100.000 euros e que as ofertas utilizan como referencia de maior valor devandita cantidade. A táboa que se indica a continuación presenta varias series de posibles escenarios dependendo do OMV de cada escenario.

| Empresas Licitadoras | Ofertas | Puntos outorgados |         |         |         |         |
|----------------------|---------|-------------------|---------|---------|---------|---------|
|                      |         | Pv (75)           | Pv (80) | Pv (85) | Pv (90) | Pv (95) |
| Emp.01               | 100.000 | 75,00             | 80,00   | 85,00   | 90,00   | 95,00   |

| Empresas Licitadoras | Ofertas | Puntos outorgados |         |         |         |         |
|----------------------|---------|-------------------|---------|---------|---------|---------|
|                      |         | Pv (75)           | Pv (80) | Pv (85) | Pv (90) | Pv (95) |
| Emp.02               | 95.000  | 80,00             | 85,00   | 90,00   | 95,00   | 100,00  |
| Emp.03               | 90.000  | 85,00             | 90,00   | 95,00   | 100,00  | #N/D    |
| Emp.04               | 85.000  | 90,00             | 95,00   | 100,00  | #N/D    | #N/D    |
| Emp.05               | 80.000  | 95,00             | 100,00  | #N/D    | #N/D    | #N/D    |
| Emp.06               | 75.000  | 100,00            | #N/D    | #N/D    | #N/D    | #N/D    |

A seguinte gráfica mostra o comportamento das diferentes curvas dependendo do valor de OMV.



Nesta gráfica pódese apreciar que a oferta OMV sempre recibirá 100 puntos. Como se indicou anteriormente, as ofertas aceptadas e que serían valoradas serían todas aquelas que non se atopan afectadas polos criterios de "Ofertas

anormalmente baixas” indicadas no PCAP.

Cada unha das curvas despregadas na gráfica conta cunha oferta máis económica diferente.

A continuación preséntase, a modo de exemplo, un escenario con seis ofertas. Facendo a análise de todos os criterios expostos na Cláusula 22: “Ofertas anormalmente baixas” do PCAP aparecen catro opcións a valorar:

- A primeira (a) asume que só concorre un licitador: *“Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.”*
  - No exemplo seleccionado temos seis empresas licitadoras polo que este criterio non se aplica.
- A segunda (b): *“Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.”*
  - No exemplo seleccionado temos seis empresas licitadoras polo que este criterio non se aplica.
- A terceira opción (c): *“Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non en tanto, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.”*
  - No exemplo seleccionado temos seis empresas licitadoras polo que este criterio non se aplica.
- A cuarta e última opción indicada en devandita cláusula (d): *“Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non en tanto, si entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía”*
  - No exemplo seleccionado temos seis empresas licitadoras polo que este criterio non se aplica.

Utilizando este último criterio, procédese a calcular a media aritmética das seis ofertas presentadas.

$$\text{Med. Arimética} = M. Ar. = \frac{(100 + 95 + 90 + 85 + 80 + 75)K€}{6} = 87,50K€$$



O criterio indica que si hai algunha oferta que supere en 10 unidades porcentuais o valor da media aritmética, débese proceder ao cálculo dunha nova media aritmética descartando no cálculo as que superan esas 10 unidades. Neste caso, o límite superior é de:

$$\text{límite superior} = M. Ar. + 10\% * M. Ar. = 87,50K€ * 1,1 = \mathbf{96,25K€}$$

Todas as ofertas que superen os 96,50 K€ deben ser descartadas no novo cálculo da media aritmética. No exemplo analizado procédese a facer de novo o cálculo sen considerar a oferta de 100,00 K€.

$$\text{Med. Arimética}_2 = M. Ar._2 = \frac{(95 + 90 + 85 + 80 + 75)K€}{6} = \mathbf{85,00K€}$$

A última parte do criterio indica condicións especiais de cálculo se o número de ofertas é inferior a tres. No caso analizado alcanzan as cinco, polo que esa parte do criterio non ten que aplicarse.

Quedando a nova media aritmética en 85,00 k€ o límite inferior será:

$$\text{límite inferior} = M. Ar._2 - 10\% * M. Ar._2 = 85,00K€ * 0,9 = \mathbf{76,50K€}$$

Baixo este resultado a única oferta a considerar como anormalmente baixa sería a presentada pola empresa “Emp.06” por un importe de 75,00K€. Neste caso, a oferta de menor valor a considerar, a condición de que a oferta da empresa “Emp.06” sería excluída ao ser considerada como unha oferta anormalmente baixa, sería a “Emp.05” por 80,00K€ e esta recibiría unha valoración de 100 puntos. A recta “Pv (80)”, identificada en cor laranxa no gráfico, indicaría a cantidade de puntos que recibiría cada unha das cinco ofertas que superan o criterio descrito na cláusula 22 do PCAP.

#### 4.8.5.4 Consideracións

- 1) A fórmula asigna 100 puntos á menor oferta que non se atope afectada polas condicións indicadas no PCAP baixo os criterios de “Ofertas anormalmente baixas”.
- 2) De forma lineal, o resto das ofertas recibirán unha menor puntuación até chegar á que menos puntos recibirá que é a que máis se achegue ao valor do orzamento base de licitación. Así mesmo, a fórmula asignaría 0 puntos a aquela oferta que sexa coincidente co orzamento base de licitación.
- 3) A fórmula non é desproporcional nin arbitraria nin contraria tampouco a que as maiores diminucións de prezos reciban a maior puntuación co aforro que iso supón para o Consorcio.

- 4) Tampouco pode afirmarse que a fórmula desincentive a redución das súas ofertas polos licitadores na medida que o cálculo das ofertas economicamente anormais depende da media das ofertas presentadas, dato que é descoñecido no momento da licitación.
- 5) De acordo co anterior, os criterios de adxudicación seleccionados considéranse os máis aliñados aos obxectivos que se perseguen con esta contratación, pois garanten dunha maneira obxectiva que a oferta seleccionada sexa a que proporcione un mellor nivel de prestacións/cobertura en termos de oferta economicamente máis vantaxosa.

#### 4.8.6 Criterios de desempate

No suposto en que se produza un empate entre dous ou máis ofertas, aos efectos de liquidar devandito empate, a proposta de adxudicación realizarase a favor da licitadora que acredite as circunstancias seguintes e pola orde establecida a continuación:

- a) Número de persoas traballadoras con discapacidade superior ao 2 por 100 nos termos do artigo 142.1 a) da LCSP, así como conforme ao previsto no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social. No caso de que varias empresas se atopen nestas circunstancias, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que acredite maior porcentaxe de persoas traballadoras fixas discapacitadas no seu cadro de persoal.
- b) Acreditación da implantación dun plan de igualdade segundo ao establecido na normativa reguladora dos mesmos.
- c) Acreditación da obtención da marca galega de excelencia en igualdade conforme ao artigo 75 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade ou equivalente.
- d) Menor porcentaxe de contratos temporais no persoal de cada unha das empresas.
- e) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas.
- f) O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

#### 4.8.7 Xustificación da idoneidade dos criterios

A utilización do prezo como único criterio de adxudicación xustifícase en que o produto a adquirir está perfectamente definido no PPT e non é posible variar os seus prazos de entrega nin introducir modificacións de ningunha clase no contrato. É un produto comercial que conta con especificacións técnicas e funcionalidades ben definidas e que non require ningún tipo de adaptación ás posibles necesidades específicas de CIXUG e as Universidades do SUG.

É dicir, o software débese adquirir tal cal o ofertan no mercado, sen requirir de adaptacións específicas ás necesidades propias do CIXUG e das Universidades do SUG.

#### 4.9 Condicións especiais de execución de carácter social, ético, ambiental ou de outro orde

4.9.1 Terán a consideración de condicións especiais de execución do presente contrato, nos termos do artigo 202 LCSP, as seguintes:

##### 4.9.1.1 Adscrición á execución do contrato dos medios indicados na oferta

O equipo técnico que deberá ser incorporado tras a formalización do contrato para a execución dos traballos deberá estar formado polos compoñentes e perfís relacionados na oferta adxudicataria e consecuentemente valorados e de acordo ao compromiso e a adscrición efectiva de medios persoais e materiais.

No caso de modificación ou substitución de recursos, deberá comunicalo previamente ao responsable do contrato coa antelación necesaria e, en calquera caso, polo menos con 10 días naturais de antelación á realización do cambio de recurso, a persoa responsable do contrato aprobará ou rexeitará a devandita modificación ou substitución. En todo caso, a persoa substituta ou substitutas terán un perfil igual ou superior ao ofertado ou ao recurso a substituír.

Tramitarase o seguinte procedemento de substitución:

- a) Notificación por escrito ao responsable do contrato da substitución con detalle dos motivos que a orixinan.
- b) Anexo á notificación anterior na que se axuntará un cv da persoa substituta con detalle da súa cualificación.
- c) Aceptación da persoa substituta por parte do responsable do contrato.

O órgano de contratación poderá solicitar o cambio dos recursos asignados á execución do contrato por inadecuación ou por incumprir os requisitos tanto de solvencia como técnicos esixidos, ou declarar o contratista unhas circunstancias que non son veraces nese caso poderá levar a resolución do contrato.

##### 4.9.1.2 Condicións en relación coas condicións laborais mínimas

Constitúe condición esencial de execución o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, seguridade social e seguridade e saúde no traballo que sexan aplicables ás persoas traballadoras vinculadas á execución do contrato.

Será obriga da entidade contratista en relación co persoal que executará o contrato, o abono do salario e aplicar as condicións de traballo establecidas polo último convenio colectivo aplicable no ámbito máis inferior existente no sector no que se encadra a actividade do contratista, salvo que teña recoñecidas outras condicións mellores a título individual ou por outros

convenios e/ou pactos de empresa que sexan de aplicación.

A empresa contratista comprométese a facilitar, durante a execución do contrato, canta información se lle requira polo órgano de contratación sobre as condicións de traballo que se apliquen efectivamente ás persoas traballadoras que realicen a actividade obxecto do contrato.

#### 4.9.1.3 Fomento de accións que faciliten a conciliación da vida laboral e familiar

A empresa contratista deberá establecer medidas que favorezan a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das persoas traballadoras que leven a cabo a execución do presente contrato.

#### 4.9.1.4 Condicións con relación á subcontratación

En caso de subcontratación, a empresa contratista asume a total responsabilidade da execución do contrato fronte a CIXUG con arranxo ao previsto nos pregos e no contrato, incluído o cumprimento das obrigacións en materia social e laboral.

A empresa contratista deberá comunicar ao órgano de contratación a subcontratación que pretenda levar a cabo de conformidade co disposto no artigo 215 da LCSP.

4.9.2 Estas condicións especiais de execución, terán o carácter de obrigacións contractuais esenciais aos efectos sinalados no artigo 211.1.f) LCSP

4.9.3 Estas condicións especiais de execución que forman parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen na súa execución

### 4.10 Modificacións previstas

O presente contrato poderá modificarse por razóns de interese público cando sexa necesario para dar cumprimento aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria. Devanditas modificacións poderán ter por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución. Todo iso de conformidade co disposto no artigo 204 da LCSP.

### 4.11 Réxime de penalidades

Nesta contratación establécense penalidades para os seguintes incumprimentos:

1. Prazos de execución.
2. Cumprimento defectuoso ou incumprimento parcial das prestacións.
3. Compromiso de adscrición de medios ao contrato.
4. Condicións especiais de execución.
5. Obrigacións establecidas en materia de subcontratación.
6. Compromisos asumidos a través das ofertas que se tomaron en consideración como criterio de valoración.

7. Obrigacións en materia ambiental, social ou laboral recollidas nos pregos.

#### 4.12 **Condicións contractuais de carácter esencial**

As condicións contractuais esenciais serán todas aquelas cuxo incumprimento poida xustificar a resolución do contrato e así encóntranse definidas nos pregos.

Santiago de Compostela a data da sinatura electrónica

**D. Julio Abalde Alonso**  
**Presidente**